

Javier Cerqueiro, disposto a gobernar en minoría no Corgo con apoios do BNG e DIC

O CORGO, 6 DE XUÑO DE 2015.- O candidato socialista á alcaldía do Corgo, Javier Cerqueiro, está disposto a gobernar en minoría aínda que con acordos co BNG e Demócratas Independentes do Corgo (DIC). Para Cerqueiro “o Corgo ten unha oportunidade histórica de cambio, apertura democrática e progreso, polo que estamos dispostos a demostrar que existe outra forma de gobernar que sitúe ao noso concello onde realmente o merece”.

Sobre as negociacións mantidas nos últimos días con todos os grupos agás o Partido Popular, Cerqueiro quere agradecer publicamente o ton construtivo do BNG e dos Demócratas Independentes do Corgo: “Todos estamos priorizando o interese xeral por riba de calquera sigla, nun diálogo xeneroso e construtivo que honra aos que están a ser os interlocutores neste proceso así como aos seus compañeiros de candidatura. Nótanse as ganas e a ilusión por modernizar este concello. Espero que entre todos podamos conseguilo”.

Javier Cerqueiro, actual xefe de gabinete do Presidente da Deputación de Lugo e veciño de Donalbán-Laxosa, deu un paso á fronte encabezando por vez primeira a candidatura socialista no Corgo despois de varios anos traballando nos equipos que lideraron o Concello de Lugo e a Deputación.